

*Á atención do presidente da Corporación municipal de Chantada.*

**Emendas do grupo municipal Por Chantada–IGV á “Moción que presenta o grupo municipal socialista do concello de Chantada para o pór unha rúa a nome de `8 de marzo”.**



**Antom Fente Parada, Cruz Fernández Rodríguez, Helena Fernández Montes e Ibán Ratón Varela**, viciñas do Concello de Chantada e integrantes de pleno dereito da Corporación municipal polo grupo municipal **Por Chantada – IGV**, con enderezo electrónico a efectos de notificación en [cupchantada@gmail.com](mailto:cupchantada@gmail.com) e de acordo cos artigos 97 do ROF

**EXPOMOS:**

Vista a moción presentada polo Partido Socialista de Chantada para porlle a unha rúa o nome de “8 de marzo” entendemos que, sendo unha moción oportuna que conta de inicio co noso apoio, pode ser mellorada en canto a potencialidade simbólica e aproveitada para encetar un proceso de revisión xeral do rúeiro da nosa vila.

Son moitas as vilas e cidades que nas últimas décadas introduciron o “oito de marzo” no seu rueiro. Na maioría dos casos tras a reivindicación de colectivos feministas e sempre coa finalidade que oportunamente recolle a moción do Partido Socialista de poñer en valor e visibilizar ás mulleres e a súa loita.

E precisamente porque se trata, non só de honrar ou homenaxear no simbólico, senón tamén de visibilizar a empoderar na práctica, a maioría desas vilas e cidades procuraron espazos abertos, amplos, céntricos e visibles, precisamente porque a loita das mulleres é tamén a loita polo dereito a ocupar o espazo público e o dereito a ser vistas, escoitadas, tidas en conta.

Por iso estimamos máis acaído nomear “oito de marzo” a unha rúa ou praza ampla e céntrica, coa que a intencionalidade simbólica sexa real e efectiva.

Desbotamos rúas e prazas que xa teñen nomes, oficiais ou extraoficiais, vencellados á tradición da nosa vila e con apego para viciñanza, como poderían ser a Praza do Cantón ou a Praza Santa Ana coñecida como Plazuela. E así, atopamos espazos como a rúa Juan XXIII (que ninguén denomina así comunmente) ou, a que sería a nosa primeira opción, a Praza de Galicia, cuxa denominación oficial (Praza de Galicia) é practicamente descoñecida pola xente da nosa vila e cuxa denominación extraoficial (Praza do Concello) perdeu a súa razón de ser.

A Praza de Galicia, a mais, e afondando no argumento da moción do Partido Socialista, é a ubicación dos Xulgados, a sede da xustiza; do edificio de Asuntos Sociais e do CIM; do Auditorio como símbolo das artes nas que é tan relevante o feminismo; e mesmo do Edificio Sindical, coa simboloxía que o sindicalismo tivo e ten, precisamente, na conmemoración do 8 de marzo.

Por outra banda, trátase dunha praza sen vivendas nin negocios máis aló das sedes sindicais e a Asociación de Empresarios, polo que o cambio de denominación non produciría apenas incomodidade algunha.

Consonte co este respecto ás denominacións tradicionais dos espazos públicos urbanizados ao que aludiamos, estimamos que a moción do Partido Socialista pode ser a escusa da oportunidade para crear unha Comisión que revise toda a denominación do rueiro que, non só na Travesía do Concello, quedou obsoleta e que compre poñer ao día. Así, por exemplo, a referida travesía do Concello podería ser agora Travesía da Igualdade, a Praza de España debera mudar ao nome co que de sempre é coñecida de Praza do Cantón, e así outras tantas rúas e prazas poderían acollerse á denominación que, recollendo a tradición da nosa vila, a adapte á realidade actual.

De tal xeito,

**PROPOMOS ao PLENO da CORPORACIÓN agardando acadar a UNANIMIDADE as seguintes EMENDAS á PROPOSTA DE ACORDO:**

**EMENDA Nº 1:**

Modificación e ampliación do punto 1, que quedaría redactado como sigue:

1. “Que se proceda ao cambio de nome da Praza de Galicia polo de ‘Praza oito de marzo’”.

**EMENDA Nº 2:**

Introdución dun punto 2 nos termos seguintes:

2. Que o referido cambio de denominación se faga no seo dun proceso de revisión xeral do rueiro de Chantada, para o cal se creará unha Comisión mixta con representantes de todos os partidos, na que se renomeen aquelas rúas e prazas cuxa denominación quedara obsoleta ou resultara inoportuna por outros motivos.

En Chantada, na data de sinatura dixital.

**GRUPO MUNICIPAL POR CHANTADA – INTERIOR GALEGO VIVO.**